

No pasado mes de xuño, o novo alcalde de Cadrete retirou un busto de Abd al-Rahman III, fundador no século X do castelo que deu lugar a esta vila aragonesa: sen dúbida, unha mostra da toxicidade das candidaturas de Vox e da debilidade daqueles que aceptaron os seus votos por conseguir un posto político. Como se o, posiblemente, máis importante gobernante hispanomusulmán fose un ocupante estranxeiro.

Se hai algo peor que manipular a historia, é manter tal ignorancia e actuar en consecuencia. E esa ignorancia afectou desde hai tempo á presenza musulmá na Península Ibérica ao longo de máis de oito séculos. Contra tal teimosía, Brian A. Catlos (*Reinos de fe, Pasado & Presente*) historia, precisamente, dita presenza e mais as relacións que estableceron cos crecentes reinos cristiáns.

O primeiro tópico que desmonta é a razón que moveu á expansión dos árabes ao longo do norte de África ata dar o salto ao continente europeo. Lonxe de ser a expansión da fe fundada por Mahoma uns anos antes, o motivo foi a rivalidade polo comercio entre o califato omeia de Damasco e o imperio bizantino. E do mesmo xeito, o paso do Estreito en 711 –coa complicidade de certos nobres visigodos– permitía que as forzas musulmáns (árabes e bérberes) pechasen o dominio do Mediterráneo. Contra a mitificación francesa da vitoria de Carlos Martel en Poitiers (732), Catlos sinala que a conquista da Septimania foi relativamente doada porque a submisión da súa aristocracia visigoda aos novos ocupantes garantía unha resistencia fronte ás pretensións francas.

Os primeiros tempos do emirato establecido en Córdoba estiveron condicionados pola dependencia de Damasco. Pero cando os omeias caeron e os abásidas de Bagdad gañaron a hexemonía, os gobernantes cordobeses deron paso ao seu propio califato. Foi daquela cando se consolidou o concepto de al-Ándalus. Xa desde aquela xeira, os diversos gobernantes hispanomusulmáns tiveron que moverse nun difícil xogo de equilibrios entre os distintos grupos familiares inter-



# O Islam en Iberia

Unha nova visión de Al Ándalus

JOAQUIM VENTURA

Se repasamos calquera historia de Galiza (da Gallaecia, Yilliqiya para os musulmáns) –de inspiración galeguista ou hispanista–, o relato estará presidido polo mito xacobeo, personificado pola figura do “Matamouros”. Esta figura naceu na batalla de Clavijo en 844, feito que non pasaría dunha refrega pero que xustificou a visión hexemonista de Asturias.

A memoria histórica das aldraxes está dominada, obviamente, polo ataque de Almansur en 997 contra Compostela, cando colleu as campás da catedral para levalas a Córdoba. Pero Galiza nunca foi impermeable á influencia de al-Ándalus, incluídos aqueles peregrinos a Santiago que visitaran Córdoba (a pervivencia da Ruta da Prata non se entende sen eles).

Mais o galego tamén foi territorio de refuxio, como foi o caso ben temperán da acollida, por parte de Afonso II de Asturias, dun clan bereber de Mérida, un de cuxos membros, Abd al-Rahman ibn Marwan al-Yilliqí, “o fillo de Marwan o Galego”, foi aliado de Afonso III contra Muhammad de Córdoba en 877. Derrotado o xefe militar Hashim, este feito permitiu ao rei asturiano

## Yilliqiya

pedir ao emir un rescate de cento cincuenta mil dinares. Uns reis que, desde o punto de vista cordobés, pertencían aos Banu Al-funsh, o clan dos Afonso, non moi distinto doutros como o dos pamploneses Banu Wannaqu ou os Banu Qasi zaragozanos.

nos e as diversas tribos bérberes do norte de África, coas que moitas veces tiñan relación. E do mesmo xeito, e xa desde o momento de formación dos primeiros dominios cristiáns (León, Castela, Pamplona, Aragón, Barcelona), con eles, incluso establecendo lazos de parentesco entre as familias reais e a dinastía califal. Ata o punto que Abd al-Rahman III era de orixes vascas pola súa nai e pola súa avoa paterna (filla de Fortún Garcés de Pamplona). Estranxeiro daquela?

No ámbito territorial musulmán hispánico tivo especial importancia o desenvolvemento cultural e, no ámbito do pensamento, as diferencias entre sectores puristas e liberais, cousa que condicionaba o exercicio da relixión. Diferencias que chegaron a grandes intolerancias ata o punto de que foron musulmáns os que máis libros queimaron en defensa da pureza de pensamento.

Eses séculos que a historiografía hispanista (de raiña castelanista) chamou Reconquista, non foron senón un período de convivencia inestable, con xogos de alianzas que alcanzaban todas as combinacións imaxinables, incluso coa presenza de cabaleiros e soldados de fortuna ao servizo duns e doutros, con independencia da relixión que



De arriba abaixo: imaxe de Santiago “Matamouros”. A rendición de Granada de F. Pradilla y Ortiz (1882). Estatua de Abd al-Rahman I (Almuñécar).

profesase o señor que os pagaba. Desde o lendario Rui Díaz de Vivar ata os seiscentos besteiros valencianos murmurados que combateron co catalán Pedro o Grande contra a invasión francomallosa. Ou a conquista castelá de Xaén, Sevilla e

Xaén, que contou coa complicidade do nazarí Muhammad I. Escravos e mercenarios; mozárabes e musulmáns estiveron en terras alleas ao servizo das armas, do comercio, da ciencia ou das artes.